

Concurso literario FANFICTION *Curros & Holmes no Misterio do Kapital*

Coa intención de fomentar a escrita na nosa lingua entre os rapaces e rapaces dos centros de ensino galegos a Editorial Galaxia convoca un Concurso literario FANFICTION arredor da obra xuvenil *Curros & Holmes no Misterio do Kapital*, obra de Marcos Calveiro e que se rexerá polas seguintes bases.

1º Presentarase unha historia de *fanfiction* arredor desta obra xuvenil e os seus protagonistas cunha extensión máxima de dous folios, escritos a dobre espazo en letra Times New roman de corpo 12. Deberán enviarse entre o 2 marzo e 2 de abril a o seguinte enderezo electrónico, preferible en formato PDF, comunicación@galaxia.gal
Só poderá presentarse un texto ou relato por participante.

2º Acompañando ao texto deberán indicarse nome e apelidos do autor/a, idade, curso escolar centro de ensino ao que pertence e un email de contacto.

3º Entre todos os textos participantes o departamento de edicións da Editorial Galaxia escollera aquel con máis calidade literaria e que mellor adapte a trama e os protagonistas da devandita obra.

4º Establécese un único premio consistente en un lote de libros de temática xuvenil para o autor/a do relato seleccionado, así como un charla arredor do libro *Curros & Holmes no Misterio do Kapital* impartida por Marcos Calveiro no centro de ensino en que curse os seus estudos o autor/a seleccionado.

5º O relato seleccionado darase a coñecer o día 23 de abril, co gallo da celebración do día do Libro.

6º Os datos subministrados serán única e exclusivamente para uso neste concurso da Editorial Galaxia, e unha vez resolto os mesmos serán destruídos sen que podan ser cedidos a terceiros.